

## RESUMO DA PROGRAMACIÓN DA MATERIA QUÍMICA DE 2º DE BAC

### 1.- BLOQUES DE CONTIDOS E SECUENCIACIÓN DOS MESMOS EN UNIDADES DIDÁCTICAS

#### BLOQUE 1: DESTREZAS BÁSICAS DA QUÍMICA.

#### BLOQUE 3: REACCIÓNS QUÍMICAS

Unidade Didáctica 1.- Repaso: Formulación inorgánica e cálculos numéricos elementais en Química

#### BLOQUE 4: SÍNTESE ORGÁNICA E NOVOS MATERIAIS

Unidade Didáctica 2.- A Química do carbono

#### BLOQUE 3: REACCIÓNS QUÍMICAS

Unidade Didáctica 3.- Termodinámica Química

Unidade Didáctica 4.- Cinética Química

Unidade Didáctica 5.- Equilibrio químico

Unidade Didáctica 6.- Reaccións de transferencia de protóns. Equilibrios ácido-base

Unidade Didáctica 7.- Reaccións de transferencia de electróns. Equilibrios de oxidación-redución

#### BLOQUE 2: ORIXE E EVOLUCIÓN DOS COMPOÑENTES DO UNIVERSO

Unidade Didáctica 8.- Estrutura da materia e sistema periódico

Unidade Didáctica 9.- Enlace químico e propiedades das substancias

### 2.- TEMPORALIZACIÓN

#### 1ª avaliación (45 sesións aprox.)

Unidades Didácticas 1, 2, 3, 4

#### 2ª avaliación (39 sesións aprox.)

Unidades Didácticas 5, 6 e 7

#### 3ª avaliación (30 sesións aprox.)

Unidades Didácticas 8 e 9

*A UD 5 impartirase maioritariamente na 1ª avaliación.*

### 3.- PROCEDEMENTO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

• **Probas escritas: unha ou dúas probas escritas por avaliación** –unha cada unha ou dúas unidades didácticas-.

- Na proba escrita da 3ª Avaliación incluírase unha pregunta referida aos contidos das dúas anteriores.

• **Traballo individual proposto para a casa ou a aula:** valorarase o traballo na aula, particularmente a realización e recollida de exercicios para a súa corrección, realización dos informes de prácticas e/ou lectura dos capítulos propostos do libro **Todo es cuestión de química** de Deborah García Bello. Editorial Paidós (2016).

#### 3.1.- Instrumentos de avaliación para o traballo individual:

- lista de cotexo para revisión esporádica do caderno de aula
- lista de cotexo para verificar o traballo na aula
- corrección de exercicios recollidos na aula
- corrección dos informes de prácticas
- proba escrita sobre unha lectura proposta

### 4.- REALIZACIÓN DE PROBAS ESCRITAS

#### 1ª avaliación ⇒ 2 PROBAS

- 1º) Unidades Didácticas 1, 2
- 2ª) Unidades Didácticas 3 e 4

#### 2ª avaliación ⇒ 2 PROBAS

- 1ª) Unidade Didáctica 5
- 2ª) Unidades Didácticas 6 e 7

#### 3ª avaliación ⇒ 1 PROBA

Unidades Didácticas 8 e 9

*A UD 4, se non fora posible avaliála na 1ª avaliación, avaliaríase conxuntamente coa UD 5 na 2ª avaliación. De non ser posible avaliar a UD 6 completa na 2ª avaliación, avaliaríase na 3ª avaliación.*

### 4.- RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓNS SUSPENSAS

- ☛ No caso dunha proba escrita non superada, realizarase outra proba escrita referida aos contidos correspondentes **que se fará SEMPRE despois da avaliación**, agás a da 3ª que se fará na proba final.
- ☛ Se despois das recuperacións correspondentes, algún alumno ou alumna tivese algunha proba escrita suspensa terá que ir ao exame final de maio para facer a recuperación da mesma.

## 5.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- ☛ **90% nota: cualificacións obtidas nas probas escritas** realizadas durante a avaliación e **10 % nota: cualificación obtida mediante os restantes instrumentos de avaliación** (5% do traballo na aula e 5% da realización dos informes de prácticas ou a lectura).
- ☛ Para obter un número enteiro, aplicarase o método de redondeo matemático.
- ☛ Para ter unha cualificación igual ou superior a 5 nunha avaliación, as probas escritas realizadas durante a avaliación deben **estar superadas**, para o que deben ter unha **cualificación igual ou superior a 4 / 9**.
- ☛ **A cualificación final do curso obterase facendo a media das cualificacións de cada avaliación con decimais, aplicando o método de redondeo matemático, debendo estar todas elas superadas para poder aprobar o curso.**
- ☛ Se, de forma excepcional, o alumnado quixese repetir unha proba escrita con cualificación igual ou superior a 5 para mellorar a súa cualificación final, a nova cualificación da proba escrita será a media entre as cualificacións obtidas as dúas veces que se realizou a proba. **Esta proba SEMPRE se realizaría na avaliación final.**

## 6.- PROCEDIMIENTO AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

- ☛ No mes de xuño realizarase unha proba escrita extraordinaria para o alumnado que non acadara os obxectivos da materia de forma ordinaria ao remate do curso. Nesta proba realizaranse preguntas referidas aos estándares nos que figura un grao mínimo de consecución do 100%
- ☛ **A cualificación de xuño será a cualificación obtida na proba escrita utilizando o método de redondeo matemático.**

## 7.- INFORMACIÓN ADICIONAL

- ☛ Copiar nunha proba escrita ou calquera intento de fraude na mesma suporá a ANULACIÓN DA CORRESPONDENTE PROBA.
- ☛ Se logo da corrección dunha proba houberse sospeitas fundamentadas de fraude, por exemplo polo emprego de dispositivos electrónicos non detectables, a docente poderá requirir por parte do alumno ou alumna a ratificación de coñecementos a través de proba escrita ou oral.
- ☛ Se nalgún momento o/a alumno/a non asiste a realización dun exame ou non presenta algún traballo obrigatorio, será necesario xustificalo por medio dun documento oficial (xustificante médico...). Neste caso fará a proba noutra data.